



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia moderna de Galicia

Materia	Historia moderna de Galicia			
Código	O02G250V01909			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	López Díaz, María			
Profesorado	González Vidal, José Manuel López Díaz, María			
Correo-e	marial@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Coñecemento dos fundamentos básicos, principais acontecementos e procesos xerais de cambio acaecidos na sociedade galega da Idade Moderna.			

Competencias de titulación

Código			
A12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado		
A13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais		
A17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente.		
A19	Coñecemento da historia nacional propia		
A23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica.		
B1	Capacidade de análise e síntese.		
B5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento		
B6	Resolución de problemas e toma de decisións		

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer de xeito xeral, crítico e actualizado os fundamentos básicos e evolución da sociedade galega da Idade Moderna, e as súas transformacións desde a perspectiva socioeconómica, política e cultural	A12 A19	
Adquirir conciencia crítica para analizar e valorar a relación entre os acontecementos e procesos históricos acaecidos na época moderna e a realidade social actual, fomentando a conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan deses antecedentes culturais.	A12 A13	B1
Ser capaces de manexar os distintos instrumentos de información e facer pesquisas nas fontes tanto historiográficas como documentais propias da época moderna, co fin de elaborar traballos tutelados, actividades prácticas ou pequenas investigacións individuais.	A17 A23	B5 B6

Contidos

Tema	
1. O medio e as bases estruturais	1.1. Espacio e identidade do reino 1.2. A poboación 1.3. A sociedade 1.4. As actividades económicas
2. Cultura e mentalidades	2.1. Cultura e mentalidades 2.2. Reformismo e ilustración

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	15	22.5	37.5
Traballos tutelados	6	20	26
Traballos de aula	10	16	26
Seminarios	4	4	8
Titoría en grupo	3	0	3
Presentacións/exposicións	6	1.5	7.5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	20	22
Informes/memorias de prácticas	2	10	12
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	6	8
Outras	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición e explicación pola docente dos contidos de parte do temario da materia, salientando para o resto de temas aquelas liñas básicas que permitirán o desenvolvemento das actividades dirixidas relacionadas cos mesmos.
Traballos tutelados	Elaboración de traballos por parte dos alumnos a partir de fontes bibliográficas, ben de xeito individual ou ben en grupo, que deberán ser presentados e debatidos na aula.
Traballos de aula	Elaboración de traballos relacionados cos contidos do temario e sesións maxistrais, entre os que se inclúen a realización de distintos tipos de exercicios prácticos e resolución de problemas. Inclúe algunhas sesións prácticas no arquivo.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo do alumno co obxectivo de afondar nos contidos dun tema, conferencia ou aspecto concreto do temario, debido a súa dificultade, interese ou oportunidade; por exemplo, caso de haber eventos docentes organizados na Facultade.
Titoría en grupo	Sesións encamiñadas a orientar ao alumnado sobre o estudo dos contidos, realización de actividades e preparación de probas de avaliación, así como para resolver dúbidas e problemas relacionados coa súa aprendizaxe.
Presentacións/exposicións	Exposición e defensa por parte do alumnado dun traballo monográfico elaborado de forma individual ou ben en pequenos grupos sobre un tema ou aspecto do temario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminarios	Seminarios: A docente fará un seguimento individualizado dos materiais xerados nos seminarios, co fin de facilitar a comprensión do temario ou aspectos do mesmo de especial dificultade ou relevancia, aclarar dúbidas ou resolver problemas que se lles vaian presentando. Esta atención prestarase tanto no despacho como a través do correo web. Traballos tutelados: Seguimento personalizado do alumnado nas actividades orientadas a realización de exercicios prácticos e actividades desenvolvidas na aula. Tutorías en grupo: Seguimento e orientación do alumnado na aula ou despacho en relación con todas as actividades e tarefas realizadas para a comprensión e aprendizaxe da materia. Traballos de aula: Seguimento personalizado do alumnado, xa sexa no contexto da aula, despacho ou correo da web. Asesoramento na preparación e realización de traballos de aula, así como resposta a súas posibles dúbidas. <>
Traballos tutelados	Seminarios: A docente fará un seguimento individualizado dos materiais xerados nos seminarios, co fin de facilitar a comprensión do temario ou aspectos do mesmo de especial dificultade ou relevancia, aclarar dúbidas ou resolver problemas que se lles vaian presentando. Esta atención prestarase tanto no despacho como a través do correo web. Traballos tutelados: Seguimento personalizado do alumnado nas actividades orientadas a realización de exercicios prácticos e actividades desenvolvidas na aula. Tutorías en grupo: Seguimento e orientación do alumnado na aula ou despacho en relación con todas as actividades e tarefas realizadas para a comprensión e aprendizaxe da materia. Traballos de aula: Seguimento personalizado do alumnado, xa sexa no contexto da aula, despacho ou correo da web. Asesoramento na preparación e realización de traballos de aula, así como resposta a súas posibles dúbidas. <>

Titoría en grupo	Seminarios: A docente fará un seguimento individualizado dos materiais xerados nos seminarios, co fin de facilitar a comprensión do temario ou aspectos do mesmo de especial dificultade ou relevancia, aclarar dúbidas ou resolver problemas que se lles vaian presentando. Esta atención prestarase tanto no despacho como a través do correo web. Trabajos tutelados: Seguimento personalizado do alumnado nas actividades orientadas a realización de exercicios prácticos e actividades desenvolvidas na aula. Tutorías en grupo: Seguimento e orientación do alumnado na aula ou despacho en relación con todas as actividades e tarefas realizadas para a comprensión e aprendizaxe da materia. Traballos de aula: Seguimento personalizado do alumnado, xa sexa no contexto da aula, despacho ou correo da web. Asesoramento na preparación e realización de traballos de aula, así como resposta a súas posibles dúbidas. <>
Traballos de aula	Seminarios: A docente fará un seguimento individualizado dos materiais xerados nos seminarios, co fin de facilitar a comprensión do temario ou aspectos do mesmo de especial dificultade ou relevancia, aclarar dúbidas ou resolver problemas que se lles vaian presentando. Esta atención prestarase tanto no despacho como a través do correo web. Trabajos tutelados: Seguimento personalizado do alumnado nas actividades orientadas a realización de exercicios prácticos e actividades desenvolvidas na aula. Tutorías en grupo: Seguimento e orientación do alumnado na aula ou despacho en relación con todas as actividades e tarefas realizadas para a comprensión e aprendizaxe da materia. Traballos de aula: Seguimento personalizado do alumnado, xa sexa no contexto da aula, despacho ou correo da web. Asesoramento na preparación e realización de traballos de aula, así como resposta a súas posibles dúbidas. <>

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Realización dunha proba na que se valorarán os coñecementos teóricos sobre a materia, a capacidade de estruturación e relación dos contidos, así como a claridade expositiva.	40
Traballos tutelados	Presentación e entrega, na data sinalada, dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Serán expostos o defendidos na aula. Valorarase o marco teórico, contidos, estrutura, presentación e capacidade de síntese e análise crítica.	30
Traballos de aula	Presentación e entrega, nas datas sinaladas, dun dossier cos exercicios prácticos e actividades dirixidas realizadas na aula ou no arquivo conforme os criterios establecidos pola docente.	20
Outras	Asistencia e participación activa do alumnado nas sesións teóricas e actividades dirixidas programadas para a materia.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais. Aqueles alumnos que non se acollan á modalidade presencial examinaranse de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico relacionado coa materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final. Este último suporá o 70% da nota final e o traballo práctico o 30%.

Bibliografía. Fontes de información

Dubert, I. (coord.), **Historia de la Galicia Moderna**, Universidad de Santiago de Compostela,
 Saavedra Fernández, P. y Sobrado Correa, H., **A Galicia do Antigo Réximen (ca. 1480- ca.1835), tomos VI-VIII, n.º 11-1711-17**, Arrecife Edicións Galegas (para La Voz de Galicia),
 Saavedra Fernández, P., **A Galicia do Antigo Réxime. Economía e Sociedade**, Hércules Ediciones, A Coruña,
 Rey Castelao, O., **A Galicia Clásica e Barroca**, Galaxia, Vigo,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia moderna universal/O02G250V01405
 Historia moderna de España/O02G250V01603